

E agora que as nosas pernas se entrecruzan sobre o aire e as nosas mans xúntanse, agora que sabemos que a verdadeira despedida chegou, non creo que quede nada máis que poida dicir. O vento percorre a miña cara e a túa chaqueta cobre as miñas costas, a miña mente está en paz. As puntas do meu cabelo seguen molladas e impregnadas no cheiro do mar. As nosas olladas sobre a posta de sol, como outro sinal de que todo está por cesar, como unha nova etapa que se abre. Ti vaste ir, comezar unha nova realidade, perseguir un anhelos. Oxalá fora o teu anhelos e non algo imposto. Na túa cara vexo o medo á novidade, a morriña que comeza a formarse sen irte sequera. Eu seguirei aquí no meu cárcere, obrigada a vivir outro día máis a mesma realidade, pero esta vez sin ti nela. O destino vólvese caprichoso e o mar rompe as súas olas sobre a area. Elas son novas e vellas á vez, rompen en sitios novos cada día e á vez están sempre no mesmo lugar. Elas fórmanos, compartimos unha realidade, por iso sei que sempre seguiremos xuntos. As olas dinmo, próbano, sempre en contacto, mais nunca xuntas en realidade. Un raro destino, o teu sen fin e o meu xa finalizado hai moito tempo.